



APE GALICIA – NOVAS

- ✓ COMIDA DE CONFRATERNIDAD INSTAELECTRA
- ✓ EXPOSICIÓN ITINERANTES “UN PAPEL EN COMÚN”
- ✓ CURSO DE MENTORES – CARMEN FUENTES
- ✓ XVIII DESAYUNO TÉCNICO FORO EMPRESA PONTEVEDRA

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ TR342A PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO
- ✓ TR353D REMUDA
- ✓ TR802A PROGRAMAES-TRANSFORMACOOOPERATIVAS OU SOC. LABORAIS
- ✓ IG285 RE-ACCIONA
- ✓ TR302D BONO TALENTO EMPRESA

OUTRAS NOVAS

- ✓ CURSOS E FORMACIÓNS EN MATERIA DE PRL IMPARTIDOS POR APE GALICIA.

APE GALICIA - NOVAS

❖ COMIDA DE CONFRATERNIDAD INSTAELECTRA.

O pasado 1 de xuño celebrouse a comida anual organizada por Instaelectra, como celebración e reunión das persoas que forman parte da asociación para unir e conectar a todas elas.

Coma cada ano, o evento foi todo un éxito, establecendo relacións e reforzando amizades e compromisos por parte de todos os asistentes.

A este evento acudiu o presidente de Ape Galicia, Jose Ramón Caldas.

❖ EXPOSICIÓN ITINERANTE “UN PAPEL EN COMÚN”

O pasado 13 de xuño, tivo lugar a inauguración da exposición itinerante “Un papelen común” que estará na Praza do Hospital ata o 1 de xullo.

Esta exposición mostra a través das portadas do Diario de Pontevedra a nosa cidade, 135 anos de historia.

A esta inauguración acudiron o presidente de Ape Galicia e a nosa Secretaria Lucía Pedroso.



❖ CURSO DE MENTORES – CARMEN FUENTES

O 14 de xuño APE Galicia foi invitada a clausura do programa de Mentores organizado polo IES Frei Martín Sarmiento en colaboración coa Xestoría Carmen Fuentes.

Este evento pon o peche a unha actividade na que se involucraron unha veintea de persoas involucradas no fomento do voluntariado, en mellorar as técnicas de estudo e potenciar a integración social, a este evento acudiu Jose Ramón Caldas



❖ XVIII DESAYUNO TÉCNICO FORO EMPRESA PONTEVEDRA

O pasado 19 de xuño celebrouse o XVIII Almorzo Técnico de foro empresa Pontevedra co motivo central en "Universidade, empresa e sociedade: presente e futuro" A cita reuniu nun mesmo salón ao máximo responsable da Universidade de Vigo e aos portavoces das principais organizacións empresariais con representación en Pontevedra: APE Galicia, CEP, Cámara de Comercio, Aempe, e AJE.

O encontro mantivo en todo momento o ton amigable e rexistrou máis dun cruzamento de afagos, pero o certo é que o cara a cara deu pé a propostas e reivindicacións. Sobre todo, desde a esfera empresarial cara á docente, porque, aínda que os empresarios recoñeceron a imposibilidade da universidade de formar en tempo real sobre a ferverza de avances que se producen no mundo mercantil, reclamaron máis formación adaptada ás necesidades da empresa e, sobre todo, máis coñecementos prácticos entre os titulados que se van colgando o birrete.

APE Galicia foi representada por Jose Ramón Caldas como o seu presidente, pedindo facilidades na Administración reclamando máis axuda da Administración para mellorar a formación dos autónomos, sobre todo os sénior, e máis axudas para o comercio de Galicia, "onde cada día pecha un establecemento".



INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ TR342A PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO

O 7 de xuño e ata o 30 de setembro, saen as bases reguladoras para financiar os custos laborais e da Seguridade Social derivados da contratación dos preparadores e das preparadoras laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio, tanto no caso de novas contratacións como no caso de persoas preparadoras laborais que veñen prestando servizos na entidade. A finalidade desta orde é evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional, ao tempo que se facilita que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio xa viable economicamente.

TR353D REMUDA

Do 7 de xuño ata o 30 de setembro ábrese o prazo para solicitar o BONO REMUDA que ten coma finalidade evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional, ao tempo que se facilita que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio xa viable economicamente.

❖ TR802A PROGRAMA ES-TRANSFORMA COOPERATIVAS OU SOC. LABORAIS

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do Programa ES-Transforma, de apoio á transformación en cooperativas ou sociedades laborais dos negocios sen remuda xeracional, de todo tipo de sociedades e das persoas traballadoras autónomas, que xa estivesen a exercer unha actividade económica, e proceder á súa convocatoria para a anualidade 2024, o prazo será do 11 de xuño ata o 16 de setembro.

❖ IG285 RE-ACCIONA

Esta orde ten por obxecto reforzar o crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas empresas, tamén mediante investimentos produtivos.

Serán subvencionables os gastos de prestación dos servizos enumerados no artigo 1.2, prestados polas entidades colaboradoras seleccionadas para cada servizo, realizados entre a data de solicitude e a data límite de execución establecida na resolución de convocatoria das axudas.

2. As entidades colaboradoras non poderán estar asociadas nin vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores. Para

estes efectos, considérase que existe vinculación entre empresas se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei.

O período de execución dos gastos e investimentos subvencionados denomínase prazo de execución do proxecto e abarcará desde a data de presentación da solicitude ata o remate do prazo establecido na resolución de concesión, que non poderá superar a data para a execución dos proxectos establecida na resolución de convocatoria.

O prazo establécese do 11 de xuño ata o 16 de setembro.

❖ **TR302D BONO TALENTO EMPRESA**

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión dos Bonos Talento empresa, destinados á formación non formal mediante a realización de proxectos formativos de curta duración que teñan como obxectivo mellorar as capacidades das empresas e contribuír ao desenvolvemento profesional dos seus cadros de persoal.

Así mesmo, por medio desta orde convócanse estas axudas para o período 2024-2025, en réxime de concorrencia

non competitiva, axustándose as axudas concedidas no marco da presente orde ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, o prazo para facer as solicitudes será do 26 de xuño ata o 16 de setembro.

APE GALICIA - FORMACIÓN

❖ CURSOS DE PRIMEIROS AUXILIOS E DESA HOMOLOGADOS.

O 3 de xuño dá comezo unha serie de cursos en materia de PRL, concretamente de PRIMEIROS AUXILIOS E DESA, estes cursos constan dunha parte de teleformación e unha parte práctica, contando cun docente experto na materia, neste caso fixéronse 4 edicións, unha por provincia:

- Ourense (Instaelectro): Do 3 ao 10 de xuño, e a parte presencial o 11 e o 12 de xuño.
- A coruña (ABE Boiro): Do 10 ao 17 de xuño, celebrando a parte presencial o 20 e 21 de xuño.
- Pontevedra (APE Galicia): Do 17 ao 24 de xuño, sendo aparte presencial o 26 e o 27 de xuño.

Esta formación é financiada pola Xunta de Galicia e en colaboración coas nosas asociacións, de carácter totalmente de balde e dirixida a todas as persoas que desexaran participar.

O presidente de APE Galicia Jose Ramón Caldas acudiu a todas as presentacións nos días de carácter presencial para acompañar os asistentes e facela apertura.

A última provincia (Lugo) se fará no mes de setembro.



Ourense 11-12 de xuño.



Boiro 20-21 de xuño.



Pontevedra 26 e 27 de xuño

❖ CURSOS DE EMERXENCIAS E LOITA CONTRA INCENDIOS.

O 17 de xuño seguemos coa formación e cursos en materia de PRL, neste caso de EMERXENCIAS E LOITA CONTRA INCENDIOS, que, coma o anterior constan dunha parte de teleformación e unha parte práctica, contando cun docente experto na materia, neste caso tamén faranse 4 edicións, unha por provincia:

- A coruña (AEF Ferrolterra): Do 17 ao 24 de xuño, celebrando a parte presencial o 25 de xuño.
- Pontevedra (APE Galicia): Do 17 ao 24 de xuño, sendo aparte presencial o 25 de xuño.
- As outras dúas serán en setembro.

Esta formación é financiada pola Xunta de Galicia e en colaboración coas nosas asociacións, de carácter totalmente de balde e dirixida a todas as persoas que desexaran participar.

O presidente de APE Galicia Jose Ramón Caldas acudiu a todas as presentacións nos días de carácter presencial para acompañar os asistentes e facela apertura.



Ferrol 25 de xuño



Pontevedra 25 de xuño

❖ TALLER DE XESTIÓN DO ESTRÉS NA CONTORNA LABORAL

O 26 de xuño, APE Galicia fai de maneira presencial un taller cunha duración de 3 horas co tema central de xestión do estrés na contorna laboral da man dunha coach Mónica Fernández Pintos, especialista en Liderazgo e intelixencia emocional, de novo unha formación gratuíta financiada pola Xunta de Galicia, e en colaboración cunha das nosas asociacións en Ourense, Instaelectro.

❖ TALLER OBRIGACIÓNS E SANCIÓN DAS PEMS E AUTÓNOMOS EN MATERIA DE PRL.

O 21 de xuño celébrase en streaming, desde APE Galicia un taller denominado OBRIGACIÓNS E SANCIÓN DAS PEMS E AUTÓNOMOS EN MATERIA DE PRL, no cal tivemos a sorte de contar con Carolina Alvarez inspectora de traballo, que nos explicou e detallou, todo o que debe de saber unha persoa no seu cumprimento coas normas de prevención de riscos laborais.

Unha xornada moi interesante e produtiva para todas as persoas asistentes xa que puideron resolver dúbidas cunha persoa experta e en contacto directo con este tema.



Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra



